



BOLETÍN DE INFORMACIÓN MUNICIPAL

Nº 2/2018

Teléfonos: 982 36 40 92 / 982 36 41 90

E-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es

Programa Disfruta do Mar



O Concello de As Nogais ten programados os seguintes **VIAXES Á PRAIA** para a campaña de verán 2018:

DATAS	DESTINO	Data Límite Inscripcións
Domingo, 8 de xullo	FOZ	Venres, 6 de xullo
Domingo, 15 de xullo	MIÑO	Venres, 13 de xullo
Domingo, 22 de xullo	BARREIROS	Venres, 20 de xullo
Domingo, 29 de xullo	PONTEDEUME	Venres, 27 de xullo
Domingo, 12 de agosto	TAPIA (ASTURIAS)	Venres, 10 de agosto
Domingo, 19 de agosto	PERBES	Venres, 17 de agosto
Domingo, 26 de agosto	VIVEIRO	Venres, 24 de agosto

A inscrición deberá realizarse nas oficinas do concello nas datas arriba indicadas para cada viaxe. Máis información nas oficinas municipais, nos teléfonos indicado na portada deste boletín.

PISCINA MUNICIPAL

Dende o **día 1 de xullo** e en horario de **15:30 a 20:30 horas**, permanecerá aberta ao público a PISCINA MUNICIPAL. *A tarifa de uso das instalacións, regulada pola correspondente ordenanza fiscal, é a seguinte:*

ENTRADA DIARIA	
<i>Entrada diaria menores de 10 anos</i>	GRATUITA
<i>Entrada diaria a partir dos 10 anos</i>	2 €
ABONOS PARA TODA A TEMPORADA	
<i>Abono familiar residentes</i>	36 €
<i>Abono familiar non residentes</i>	60 €
<i>Abono individual residentes (menor de 18 anos)</i>	18 €
<i>Abono individual residentes (a partir de 18 anos)</i>	24 €
<i>Abono individual non residentes (menor de 18 anos)</i>	36 €
<i>Abono individual non residentes (a partir de 18 anos)</i>	48 €

CURSOS DE NATACIÓN PARA NENOS E MAIORES: Todos os interesados en asistir aos cursos de natación deberán realizar a inscrición nas oficinas do concello ou nas instalacións da piscina a partir do 1 de xullo en horario de **15:30 a 20:30 horas**. *Os grupos e os horarios dos cursos serán adaptados polo socorrista.*

PERIODO DE ALTO RISCO DE INCENDIOS E PERMISOS DE QUEIMA

A Xunta de Galicia ven de publicar o pasado 20 de xuño a Orde do 13 de xuño de 2018 pola que se determina a **época de perigo alto de incendios** declarando como tal para este ano 2018 as datas comprendidas entre o **1 de xullo e o 30 de setembro**.

Os **permisos de queimas** quedan totalmente suspendidos nestas datas e administración autonómica está facultada para ditar cantas instrucións sexan precisas para modificalas se as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agravan o risco de incendios.